

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

Organismo SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES

Capítulo	
Epígrafe	(Para inserir no <i>Diario Oficial de Galicia</i> )

SUMARIO:

*RESOLUCIÓN do 29 de outubro de 2019, conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se adxudican as axudas do anexo II, modalidade B, da Orde do 28 de maio de 2019, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019, modificada pola Orde do 30 de setembro de 2019.*

TEXTO

A Orde do 28 de maio de 2019 (DOG núm. 111, do 13 de xuño), modificada pola Orde do 30 de setembro de 2019 (DOG núm. 201, do 22 de outubro), establece as bases reguladoras e a convocatoria das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación (en diante Gain), en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva.

O obxecto da modalidade B do Programa de apoio á etapa posdoutoral é outorgar axudas ás universidades do SUG, aos organismos públicos de investigación de Galicia, ás fundacións de investigación sanitaria de Galicia (Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Fundación profesor Novoa Santos, Fundación Biomédica Galicia Sur), e aos centros do

CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) e o IEO (Instituto Español de Oceanografía) radicados en Galicia, para dar continuidade á formación das persoas investigadoras que obtiveron unha praza na convocatoria do ano 2016 da modalidade A do programa de formación inicial da etapa posdoutoral e daquelas persoas investigadoras da convocatoria do ano 2014 ás cales se lleS concedeu un aprazamento da avaliación, que acabaron o contrato e que acadaron unha avaliación positiva, mediante o financiamento dun contrato dun máximo de dous anos de duración.

No artigo 2 da orde de convocatoria determínase quen pode ser beneficiario e no artigo 2 do anexo II os requisitos que deben cumprir as persoas candidatas ás axudas da modalidade B do Programa de apoio á etapa posdoutoral.

De acordo co establecido no artigo 9 desta convocatoria, unha vez analizadas as solicitudes publicáronse as listas provisionais de solicitudes admitidas e excluídas e as entidades solicitantes tiveron un prazo de dez días naturais para formular reclamacións para emendar erros e falta de documentos das persoas interesadas ante a Secretaría Xeral de Universidades ou ante a Gain, segundo a entidade solicitante. Unha vez que se recibiu e se examinou esta documentación publicouse a lista definitiva de solicitudes admitidas e excluídas.

As solicitudes foron ponderadas por un equipo avaliador formado por persoas expertas de fóra do Sistema de I+D+i galego, coa colaboración da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), a partir da documentación indicada no artigo 4 do anexo II da convocatoria e segundo o baremo que se indica no artigo 5 do mesmo anexo.

O resultado desta avaliación entregóuselle á comisión de selección definida no artigo 10 da orde de convocatoria, que elaborou un informe para os órganos instrutores no que figuran as entidades beneficiarias, xunto coa prelación das persoas candidatas a seren destinatarias das axudas, e a lista de agarda para posibles substitucións.

A competencia para resolver estas axudas correspóndelles conxuntamente á persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e á persoa titular da Presidencia da Gain, de acordo co artigo 11 da convocatoria.

En consecuencia, de acordo co establecido no artigo 10 das bases da convocatoria e atendendo á proposta de concesión elevada polos órganos instrutores a partir do informe da comisión de selección reunida o día 23 de outubro de 2019, a través da Secretaría Xeral de Universidades e da Gain,

## RESOLVEMOS

Primeiro. Conceder as axudas da modalidade B de apoio á etapa de formación posdoutoral convocadas pola Orde do 28 de maio de 2019 ás universidades do SUG que contraten as persoas seleccionadas para unha praza do Programa de apoio á etapa de formación posdoutoral que se relacionan no anexo I.

No caso das demais entidades do artigo 2 da convocatoria, non se conceden axudas debido a que no proceso de avaliación e selección a única solicitude presentada non alcanzou a puntuación mínima establecida no artigo 5 do anexo II da convocatoria.

Segundo. Establecer unha lista de agarda para as universidades do SUG, que se inclúe como anexo II, para determinar posibles substitucións, segundo os criterios recollidos no artigo 10. Nesta lista figuran por orde decrecente de puntuación as solicitudes que non acadaron a puntuación suficiente para seren adxudicatarias da axuda pero que teñen unha puntuación igual ou superior á mínima establecida no artigo 5 do anexo II da convocatoria.

Terceiro. Todas as solicitudes que figuran nos anexos I e II desta resolución cumpren os requisitos establecidos nas bases da convocatoria. Así mesmo, as solicitudes que non figuran relacionadas nos citados anexos entenderanse denegadas ou desestimadas.

Cuarto. A data de comezo dos contratos será o 15 de novembro de 2019.

Quinto. As axudas concedidas financiaranse con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020 e anos sucesivos, de acordo coa seguinte distribución segundo a estrutura de pagamentos recollida no artigo 14 da bases da convocatoria.

Universidades do SUG: 20 axudas

O importe das axudas das universidades do SUG imputarase ao Plan galego de financiamento universitario para o período 2016-2020, polo que as anualidades de 2021 e 2022 se integrarán no novo plan de financiamento para os anos seguintes:

Aplicación orzamentaria	Universidade	Nº de axudas	Crédito (en euros)			
			2020	2021	2022	Total
10.40.561B.444.0	UDC	3	112.566,66	117.000,00	4.433,34	234.000,00

Aplicación orzamentaria	Universidade	Nº de axudas	Crédito (en euros)			
			2020	2021	2022	Total
10.40.561B.744.0			30.000,00	45.000,00	0,00	75.000,00
<b>UDC</b>			142.566,66	162.000,00	4.433,34	309.000,00
10.40.561B.444.0	USC	10	375.222,20	390.000,00	14.777,80	780.000,00
10.40.561B.744.0			100.000,00	150.000,00	0,00	250.000,00
<b>USC</b>			475.222,20	540.000,00	14.777,80	1.030.000,00
10.40.561B.444.0	UVIGO	7	262.655,54	273.000,00	10.344,46	546.000,00
10.40.561B.744.0			70.000,00	105.000,00	0,00	175.000,00
<b>UVIGO</b>			332.655,54	378.000,00	10.344,46	721.000,00
<b>TOTAL SUG</b>			<b>950.444,40</b>	<b>1.080.000,00</b>	<b>29.555,60</b>	<b>2.060.000,00</b>

Sexto. As universidades beneficiarias deberán remitir un escrito de aceptación da axuda á Secretaría Xeral de Universidades, no prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, e vincularán as persoas seleccionadas aos seus organismos mediante a formalización do correspondente contrato.

sétimo. O artigo 14 da orde de convocatoria establece que as entidades beneficiarias e contratantes das persoas seleccionadas serán as encargadas de presentar as xustificacións correspondentes adecuadas á normativa comunitaria e nacional de aplicación e serán as perceptoras dos fondos para o pagamento dos contratos.

Segundo o establecido no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen que se presentase esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá o beneficiario para que, no prazo improrrogable de dez días, a presente. A falta de presentación da xustificación comportará a perda do dereito ao cobro parcial ou total da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

Oitavo. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no caso de solicitudes pertencentes ao SUG, e ante a persoa titular da presidencia da Gain nos restantes casos, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do

Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 19 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.



Santiago de Compostela, **29 OUT. 2019**

A conselleira de Educación, Universidade e Formación profesional



Carmen Pomar Tojo

Do Conselleiro de Economía, Emprego e Industria e presidente da Axencia Galega de Innovación



Francisco Conde Lopez

INSÍRASE NO DOG

A secretaria xeral técnica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza



María Barja

ANEXO I. Axudas concedidas

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Nº expediente	Univ.	1º apelido	2º apelido	Nome	Rama de coñecemento	Nota avaliación
ED481D 2019/004	UDC	Parga	Dans	Eva	Ciencias Sociais e Xurídicas	84
ED481D 2019/022	UDC	Valdiglesias	García	Vanessa	Ciencias da Saúde	95
ED481D 2019/032	UDC	Veloso	Freire	Javier	Ciencias	87

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Nº expediente	Univ.	1º apelido	2º apelido	Nome	Rama de coñecemento	Nota avaliación
ED481D 2019/026	USC	Blanco	Rotea	Rebeca	Artes e Humanidades	91
ED481D 2019/005	USC	Cañón	Voirin	Julio Lisandro	Artes e Humanidades	85
ED481D 2019/013	USC	Dubert	Pérez	Javier	Ciencias da Saúde	90
ED481D 2019/009	USC	Ferreiro	Domínguez	Nuria	Enxeñaría e Arquitectura	87
ED481D 2019/015	USC	Iglesias	Amorín	Alfonso	Artes e Humanidades	85
ED481D 2019/025	USC	Lendoiro	Belío	Elena	Ciencias da Saúde	91
ED481D 2019/019	USC	López	Moreira	Iván	Enxeñaría e Arquitectura	88,5
ED481D 2019/014	USC	Regos	Sanz	Adrián	Ciencias	91
ED481D 2019/024	USC	Sobral	Bernal	María del Mar	Ciencias	93
ED481D 2019/016	USC	Varela	Río	Zulema	Ciencias	85

UNIVERSIDADE DE VIGO

Nº expediente	Univ.	1º apelido	2º apelido	Nome	Rama de coñecemento	Nota avaliación
ED481D 2019/017	UVIGO	Álvarez	Álvarez	María Salomé	Enxeñaría e Arquitectura	85

Nº expediente	Univ.	1º apelido	2º apelido	Nome	Rama de coñecemento	Nota avaliación
ED481D 2019/007	UVIGO	Arenas	Lago	Daniel	Ciencias	90
ED481D 2019/020	UVIGO	Díaz	Vilariño	Lucía	Enxeñaría e Arquitectura	95
ED481D 2019/001	UVIGO	Figueiredo	González	María	Ciencias da Saúde	83,5
ED481D 2019/008	UVIGO	Gómez	Yepes	Alejandro	Enxeñaría e Arquitectura	91
ED481D 2019/002	UVIGO	Reboredo	Rodríguez	Patricia	Ciencias da Saúde	83,5
ED481D 2019/021	UVIGO	Sartal	Rodríguez	Antonio	Ciencias Sociais e Xurídicas	95

ANEXO II. Lista de espera

Nº expediente	Univ.	1º apelido	2º apelido	Nome	Rama de coñecemento	Nota avaliación
ED481D 2019/030	UVIGO	Del Val	García	Jesús	Enxeñaría e Arquitectura	82
ED481D 2019/023	UVIGO	Copena	Rodríguez	Damián	Ciencias Sociais e Xurídicas	80
ED481D 2019/033	UDC	Nalakath	Abubackar	Haris	Ciencias	80
ED481D 2019/006	USC	Costa	García	José Manuel	Artes e Humanidades	78
ED481D 2019/028	UVIGO	Fontan	Bouzas	Ángela	Ciencias	75
ED481D 2019/018	USC	Cortina	Orero	Eudald	Artes e Humanidades	75